



O Hipersector TIC en Galicia

Edición 2017

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia
Presidencia
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Lugar: Santiago de Compostela
Ano: 2018

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Recoñecemento –
Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:
<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

O Hipersector TIC en Galicia

**Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de
Galicia (OSIMGA)**



Xunta de Galicia
Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

Santiago de Compostela
2017

Índice

Introdución	5
1. Demografía empresarial e Peso na economía galega	8
2. Emprego	19
3. Comercio exterior	24
4. Innovación tecnolóxica	30
5. Patentes	43



introducción

Introdución

O termo Hipersector TIC refírese ao *“conxunto de actividades de investigación, desenvolvemento, fabricación, integración, instalación, comercialización e mantemento de compoñentes, subconxuntos, produtos e sistemas físicos e lóxicos fundamentados na tecnoloxía electrónica así como a explotación de servizos baseados en ditas tecnoloxías, a produción e difusión de contidos soportados electronicamente e as aplicacións de Internet”* (Observatorio Industrial de Electrónica, Tecnoloxías de la información y Telecomunicaciones).

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), a través deste estudo elaborado polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), proporciona, como continuación do realizado en 2016, unha información actualizada e definida do Hipersector TIC na Comunidade Galega.

Este informe está en consonancia coas directrices marcadas na Axenda Dixital de Galicia 2020, que identifica ao Hipersector TIC como un dos sectores con maior potencial de crecemento nos próximos anos, que xere redes de valor co resto de axentes, empresas tractoras e sectores económicos dando lugar á conformación dun ecosistema dixital galego activo.

Así, o Hipersector TIC en Galicia tende a converterse nunha peza clave no desenvolvemento económico debido ao seu grande potencial na creación de emprego e pola súa capacidade innovadora.


A aposta por este sector emerxente contribuirá a mellorar de xeito notable a situación xeral de Galicia, tanto a nivel económico, como a nivel de emprego, convertendo o Hipersector TIC nun motor do resto dos sectores estratéxicos de Galicia.

Ficha técnica

O estudo do Hipersector TIC en Galicia ten por obxecto coñecer a situación actual e a evolución das actividades que compoñen o Sector das Tecnoloxías da Información (TIC) xunto co sector dos Contidos e Servizos Audiovisuais.

Para determinar estas actividades considerouse como referencia os traballos desenvolvidos pola OCDE. Na seguinte táboa relaciónanse as actividades económicas, segundo a CNAE-09, que conforman o Hipersector TIC:

HIPERSECTOR TIC - RELACIÓN DE CNAES	
SECTOR TIC	
26.1	Fabricación de compoñentes electrónicos e circuítos impresos ensamblados
26.2	Fabricación de ordenadores e equipos periféricos
26.3	Fabricación de equipos de telecomunicacións
26.4	Fabricación de produtos electrónicos de consumo
26.8	Fabricación de soportes magnéticos e ópticos
46.5	Comercio polo xunto de equipos para as tecnoloxías da información e as comunicacións
58.2	Edición de programas informáticos
61.1	Telecomunicacións por cable
61.2	Telecomunicacións sen fíos
61.3	Telecomunicacións por satélite
61.9	Outras actividades de telecomunicacións
62.0	Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática
63.1	Proceso de datos, hosting e actividades relacionadas; portais web
95.1	Reparación de ordenadores e equipos de comunicación
SECTOR CONTIDOS E MEDIOS DE INFORMACIÓN	
581	Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais
591	Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión
592	Actividades de gravación de son e edición musical
601	Actividades de radiodifusión
602	Actividades de programación e emisión de televisión
639	Outros servizos de información



1. Demografía empresarial e peso na economía galega

Demografía empresarial


En Galicia existen un total de 3.410 empresas que desenvolven actividades relacionadas co Hipersector TIC, das que o 75,6% realizan actividades TIC e o 24,4% de contidos.

O número de empresas do Hipersector TIC incrementouse nun 2,7% respecto ao ano 2015, sendo consecuencia directa do incremento producido no subsector TIC, que sufriu un incremento de 5,8% no número de empresas.

NÚMERO DE EMPRESAS

o **Hipersector TIC** está
representado en Galicia por
3.410 empresas

**Gráfico 1. Número de empresas do Hipersector TIC en Galicia.
Ano 2016**



Fonte: IGE, Directorio de empresas 2012 - 2016

**Táboa 1. Empresas do sector TIC e Contidos en Galicia.
Ano 2016 (Nº empresas)**

SECTOR TIC	Nº
26.1 Fabricación de compoñentes electrónicos e circuítos impresos ensamblados	16
26.2 Fabricación de ordenadores e equipos periféricos	48
26.3 Fabricación de equipos de telecomunicacións	12
26.4 Fabricación de produtos electrónicos de consumo	5
26.8 Fabricación de soportes magnéticos e ópticos	0
46.5 Comercio polo xunto de equipos para as tecnoloxías da información e as comunicacións	387
58.2 Edición de programas informáticos	12
61.1 Telecomunicacións por cable	22
61.2 Telecomunicacións sen fíos	13
61.3 Telecomunicacións por satélite	2
61.9 Outras actividades de telecomunicacións	122
62.0 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática	1618
63.1 Proceso de datos, hosting e actividades relacionadas; portais web	141
95.1 Reparación de ordenadores e equipos de comunicación	181
SECTOR CONTIDOS E MEDIOS DE INFORMACIÓN	Nº
581 Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais	343
591 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión	341
592 Actividades de gravación de son e edición musical	58
601 Actividades de radiodifusión	46
602 Actividades de programación e emisión de televisión	25
639 Outros servizos de información	18
TOTAL HIPERSECTOR TIC	3.410

As empresas preponderantes no ámbito do Hipersector TIC son as que teñen como actividade principal a programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática (CNAE 62), sendo tamén as empresas ás que o subsector debe o seu crecemento en maior medida. Representan o 47,4% do total do Hipersector. Pola súa banda o volume de empresas maior do subsector Contidos apórtano as orientadas á edicións de libros, xornais e outras actividades editoriais (CNAE 58.1), seguido moi de cerca pola actividade CNAE 59.1. Entre ambas suman o 83,4% do total de empresas do subsector Contidos.


RELACIÓN GALICIA-ESPAÑA

Novamente **Galicia ocupa a quinta posición** no ranking estatal de empresas do **Hipersector TIC**.

O número total de empresas españolas con actividades relacionadas co Hipersector TIC é de 77.220, das que o 77,7% desenvolven actividades do subsector TIC.

Galicia é a quinta Comunidade Autónoma que conta cunha maior representación de empresas no Hipersector TIC, unicamente superada por Madrid, Cataluña, Andalucía e a Comunidade Valenciana.

Gráfico 2. Número de empresas do Hipersector TIC en España. Ano 2016.



Fonte: INE, Directorio de empresas, ano 2016.

A porcentaxe de empresas con actividade inscrita no Hipersector TIC supón o 4,4% do total nacional.

PESO DO HIPERSECTOR TIC

O Hipersector TIC galego
supón o **4,4%** do conxunto
do Estado.


Tanto a nivel nacional como no territorio galego, o crecemento absoluto ven dado especialmente polas empresas do Subsector TIC, dado que o Subsector Contidos sufriu un lixeiro descenso no ano 2016 en ambos os dous ámbitos.

Táboa 2. Evolución do número de empresas do Hipersector TIC. Galicia-España 2012-2016

ANO	2012	2013	2014	2015	2016
ESPAÑA					
TIC	50.476	51.450	53.505	57.074	60.036
CONTIDOS	18.350	17.814	17.425	17.568	17.184
HIPERSECTOR	68.826	69.264	70.930	74.642	77.220
GALICIA					
TIC	2.232	2.242	2.331	2.437	2.579
CONTIDOS	927	919	880	883	831
HIPERSECTOR	3.159	3.161	3.211	3.320	3.410

Fonte: INE, IGE, Directorio de empresas 2012 - 2016

Gráfico 3. Peso do Hipersector TIC no total de empresas en Galicia(%). Anos 2011 - 2016.



Fonte: IGE, Directorio de empresas 2012 – 2016

REPRESENTATIVIDADE

As empresas do Hipersector

TIC representan **1,4%** do
total de empresas en
Galicia.

NOTA: A partir do ano 2014 o IGE inclúe na cuantificación das empresas galegas ás do sector primario, o que eleva o número absoluto de empresas.

No ano 2016 incrementouse a porcentaxe de empresas do Hipersector TIC respecto ao total de empresas galegas en 0,1 puntos porcentuais.

DISTRIBUCIÓN DAS EMPRESAS

O **80,9%** das empresas galegas do **Hipersector TIC** sitúanse nas provincias de **A Coruña** e **Pontevedra**

A heteroxeneidade marca a distribución de empresas TIC nas provincias galegas, aínda que A Coruña e Pontevedra aglutinan o volume máis importante de empresas, cun 80,9% do total das do Hipersector TIC. O 19,1% restante divídese entre a provincia de Lugo, cun 6,8%, Ourense cun 7,1%; o 5,2% restante corresponde a empresas con sede fóra de Galicia pero con actividade na nosa Comunidade.

Atendendo a evolución dende o 2014, o número de empresas do Hipersector TIC medrou en todas as provincias galegas, sufrindo una lixeira redución unicamente o número de empresas con sede fóra de Galicia pero con actividade na nosa Comunidade.

Gráfico 4. Distribución das empresas do Hipersector TIC por provincias galegas. Anos 2014, 2015 e 2016.





Gráfico 5. Número de empresas do Hipersector TIC en Galicia segundo a súa condición xurídica.

CONDICIÓN XURÍDICA

As sociedades son a **forma xurídica do 65,1%** das empresas do Hipersector TIC.




Fonte: IGE, Directorio de empresas. Anos 2012 - 2016

Gráfico 6. Número de empresas do Hipersector TIC en Galicia segundo o número de asalariados/as. Ano 2016

TAMAÑO DAS EMPRESAS

O **81,4%** das empresas do Hipersector TIC en Galicia son **pequenas empresas** de 2 ou menos empregados/as.



Fonte: IGE, Directorio de empresas. Ano 2016


Emprendemento TIC

EMPRENDEMENTO

No ano 2016 creáronse
520 empresas no
Hipersector TIC galego.

O Hipersector TIC galego segue na liña de crecemento emprendedor xa iniciada no ano 2015, con 520 novas altas de empresas. Sen embargo, o número de baixas incrementouse respecto do ano pasado. Con todo, o saldo de empresas é positivo, con 90 entidades.

Gráfico 7. Evolución do nº de empresas en altas e baixas no Hipersector TIC (2012-2016)



Fonte: IGE, Directorio de empresas. Anos 2012 - 2016


O Hipersector TIC experimenta unha recuperación lenta pero sostida dende o ano 2013, con saldos positivos entre as empresas que nacen e as que desaparecen.

EMPRENDEMENTO

O subsector TIC


continúa coa súa
tendencia ascendente,
acadando o seu **maior**
aumento na serie
rexistrada.

Gráfico 8. Evolución do nº de empresas en altas e baixas no Sector TIC. (2012-2016)



Fonte: IGE, Directorio de empresas. Anos 2012 - 2016

Gráfico 9. Evolución do nº de empresas en altas e baixas no Sector CONTIDOS (2012-2016)



Fonte: IGE, Directorio de empresas. Anos 2011 - 2016

VALOR ENGADIDO BRUTO


o 2,1% do PIB galego é produto do Hipersector TIC

Peso na economía galega

Na economía empresarial o valor engadido bruto (VEB) é a macromagnitude económica que mide o valor xerado polo conxunto de produtores dunha área económica, recollendo en definitiva os valores que se agregan aos bens e servizos nas distintas etapas do proceso produtivo. O VEB garda unha estreita relación co PIB, que se obtén logo de engadirlle ao valor agregado do país os impostos indirectos que gravan as operacións de produción.

Aínda que o VEB do Hipersector TIC descendeu lixeiramente, o seu peso sobre o PIB mantense practicamente inamovible ao redor do 2,1% e se distribúe entre o 1,8% que representa o sector TIC e o 0,3% do sector Contidos.


Gráfico 10. Valor Engadido Bruto do Hipersector TIC en Galicia. (2009-2015)



Fonte: IGE

(p) Datos provisionais.

O IGE cambiou a base contable para adaptarse á nova metodoloxía europea (Sistema Europeo de Contas SEC-2010), o que obrigou a refacer as estimacións tanto do Produto Interior Bruto (PIB) de Galicia como das ramas de actividade que o forman. Este é un procedemento habitual en cada cambio de base contable co que se pretende ofrecer unha imaxe fiel da economía e as súas compoñentes.



2. Emprego

Emprego


Segue a tendencia observada en anos anteriores, cun incremento paulatino de afiliados / as ao Hipersector TIC en Galicia. A cifra dos 21.973 traballadores/as do ano 2017, supón un crecemento respecto ao ano anterior do 3,4%.

O crecemento prodúcese no sector TIC, onde hai 768, traballadores/as máis que no 2016, o que supón un aumento do 4,8% en termos relativos no último ano, mentres que no sector Contidos diminuíu levemente.

EMPREGO

Crece a cifra de **empregados /as do Hipersector TIC**, un **3,4%**, **subindo** ata a os **21.973** traballadores / as.

Gráfico 11. Evolución do emprego no Hipersector TIC (2013-2017)




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2017.

O grao de masculinización no conxunto do Hipersector é notable. Un 65,7% dos traballadores/as son homes fronte a un 34,3% de mulleres. Cabe salientar a redución da fenda no Sector Contidos, onde a proporción de traballadoras é dun 41,7%.

MASCULINIZACIÓN

O 65,7% do
persoal das
empresas do
Hipersector TIC
son homes.

Gráfico 12. Distribución por xénero do emprego no Hipersector TIC. Ano 2017.




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2017.

O Sector TIC presenta unha maior masculinización, dado que o 32,1% das traballadoras son mulleres, fronte ao 67,9% de homes.

FENDA DE XÉNERO

Os novos empregos implican un incremento da masculinización do Hipersector TIC.

Gráfico 13. Evolución por xénero do emprego no Hipersector TIC (2013-2017).



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2017.


Atendendo ao réxime de cotización dos traballadores /as no ano 2017, o 82,9% do persoal cotiza no Réxime Xeral e un 17,1% desempeña o seu traballo baixo o Réxime de Autónomos/as.

Obsérvase que aumenta nun 4,8% a porcentaxe dos traballadores/as que están inscritos no Réxime Xeral e diminúe nun 2,9% a porcentaxe de traballadores / as inscritos como autónomos/as

RÉXIME


O 82,9% dos traballadores/as do Hipersector TIC cotizan no Réxime Xeral da Seguridade Social, e increméntase nun 4,8% no último ano. Pola contra, perdéronse efectivos no Réxime de Autónomos.

Gráfico 14. Distribución do emprego por réxime de cotización no Hipersector TIC no ano 2017



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2017.

Gráfico 15. Evolución do emprego por réxime de cotización no Hipersector TIC no ano 2017



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2017.



3. Comercio exterior

O comercio exterior ¹

BALANZA COMERCIAL

O subsector
Contidos presenta
mellor balanza
comercial que o
subsector TIC

As exportacións de bens do Hipersector TIC en Galicia no 2016 foron de 76,8 millóns de €, fronte aos 72,9 de 2015 e aos 58,9 do ano 2014. En canto ás importacións, no ano 2016 tamén medraron en 38 millóns respecto ao 2015 e 69 millóns respecto do ano 2014.

Gráfico 16. Balanza comercial do Hipersector TIC en Galicia. Ano 2016.



Fonte: IGE, ano 2016

Táboa 3. Balanza comercial do Hipersector TIC en Galicia. (2012-2016)

ANO	2012	2013	2014	2015	2016
BALANZA COMERCIAL (miles de euros): Exportacións fronte a Importacións					
TIC	38.539,60	-16.385,50	-21.080,00	-28.738,63	-26.191,97
CONTIDOS	84,9	22,2	419,2	-842,59	-1.947,19
HIPERSECTOR	38.624,50	-16.363,40	-20.660,80	-29.581,00	-28.139,16

¹ Nota metodolóxica: neste capítulo considerárase comercio exterior referido ao comercio de bens. Polo tanto, as CNAEs que computan son:

- Sector TIC -> CNAEs 261, 262, 263, 264, 268, 582
- Sector Contidos -> CNAEs 581, 591, 592
- Hipersector TIC -> CNAEs 261, 262, 263, 264, 268, 582, 581, 591, 592

A predominancia na tipoloxía de produtos exportados polas empresas do Hipersector TIC corresponde á actividade de fabricación de equipos de telecomunicacións (CNAE 26.3), acadando por si mesma máis da metade das exportacións totais do Hipersector TIC en Galicia.

EXPORTACIÓNS

No ano 2016 o
Hipersector TIC
exportou bens por
valor de **76,8 millóns**
de euros, un **5,5% máis**
que no ano 2015.

Táboa 4. Exportacións do Hipersector TIC en Galicia. Ano 2016.

EXPORTACIÓNS			
	CNAE	VALORES 2016 (miles de euros)	Evolución 2015-2016
Sector TIC	2611	1272,8	-3,5%
	2612	2623,2	7,7%
	2620	8612,8	18,0%
	2630	43689,8	-1,0%
	2640	17176,4	13,8%
	2680	63,0	49,0%
	5829	198,8	124,0%
Sector Contidos	5811	1320,5	81,5%
	5813	98,3	211,4%
	5814	61,1	22,5%
	5819	1334,8	26,5%
	5915	23,0	-86,0%
	5920	339,8	-5,9%
HIPERSECTOR TIC		76.814	5,5%


Fonte: IGE, ano 2016

A actividade CNAE 5813, dedicada á Edición de periódicos dentro do subsector Contidos, experimentou o maior crecemento no Hipersector TIC, así como a actividade CNAE 5829 dentro do subsector TIC, dedicada á Edición de outros programas informáticos.

Gráfico 17. Exportacións do Hipersector TIC en Galicia. Ano 2016.

EXPORTACIÓNS

As peso das exportacións do Hipersector TIC recae nun **95,9%** no **Sector TIC**




■ Fabricación de equipos de telecomunicaciones ■ Fabricación de productos electrónicos de consumo
 ■ Fabricación de ordenadores e equipos periféricos ■ Fabricación de circuitos impresos ensamblados
 ■ Outros

Fonte: IGE, ano 2016


O sector contidos sufriu no ano 2016 o maior incremento de exportacións rexistrado dende 2012, acadando un crecemento do 33%.

Gráfico 18. Exportacións do Hipersector TIC en Galicia. Evolución 2012 - 2016



Fonte: IGE, ano 2016

Gráfico 19. Importacións do Hipersector TIC en Galicia. Evolución 2012 - 2016



Fonte: IGE. Anos 2012- 2016

Táboa 5. Importacións do Hipersector TIC en Galicia. Ano 2016.


IMPORTACIÓNS

A fabricación de produtos electrónicos de consumo (CNAE 2640) é un dos sectores que máis importacións realiza, experimentando un crecemento do 29,6% respecto do ano anterior.

IMPORTACIÓNS			
	CNAE	VALORES 2016 (miles de euros)	Evolución 2015-2016
Sector TIC	2611	5.796,3	24,0%
	2612	407,5	-4,6%
	2620	11.926,1	-41,4%
	2630	45.225,4	0,2%
	2640	35.487,3	29,6%
	2680	641,0	-19,0%
	5829	345,1	-7,7%
Sector Contidos	5811	825,0	-0,8%
	5813	2,9	ND
	5814	46,4	-0,3%
	5819	3.731,9	104,1%
	5915	71,4	15,4%
	5920	447,0	-3,5%
HIPERSECTOR TIC		104.953	2,5%

Fonte: IGE, ano 2016

Gráfico 20. Importacións do Hipersector TIC en Galicia. Ano 2016.



Fonte: IGE, ano 2016

IMPORTACIONES

A fabricación de equipos de telecomunicaciones e de produtos electrónicos de consumo concentran o 76,9% das importacións do Hipersector TIC.

A Fabricación de equipos de telecomunicaciones tamén se sitúa no primeiro lugar nas importacións de 2016, acadando o 43,1% do total das importacións do Hipersector TIC.



4. Innovación tecnológica

Innovación tecnolóxica

ACTIVIDADE INNOVADORA


O **27,5%** das empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as **realizou algunha actividade innovadora** entre os anos **2014 e 2016**.

Neste capítulo analizarase a actividade innovadora, especificamente a innovación tecnolóxica, nas empresas de 10 ou máis empregados/as, empregando os datos das enquisas de innovación e I+D do INE.

Durante o ano 2016, 900 empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as realizaron algún tipo de actividade innovadora.

No período de 2014 a 2016 un total de 2.053 empresas de 10 ou máis traballadores/as realizaron algunha actividade de I+D, o que representa o 27,5% das empresas galegas.

Gráfico 21. Nº de empresas con actividades innovadoras en Galicia. Evolución 2012-2016.



Fonte: INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, ano 2016

No ámbito estatal **Galicia é a sexta** comunidade autónoma no ranking de **empresas innovadoras**

Gráfico 22. Nº de empresas con actividades innovadoras en España. 2016






Gráfico 23. Porcentaxe de empresas innovadoras sobre o total de empresas en España. 2016



Fonte: INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, ano 2016

Gráfico 24. Porcentaxe de empresas innovadoras segundo tipo de innovación no período 2014-2016. Comparativa Galicia – España.



Fonte: INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, ano 2016

TIPO DE INNOVACIÓN


A porcentaxe de empresas **galegas** que realizan innovacións tecnolóxicas é moi **similar** á porcentaxe acadada a **nivel nacional**.

Atendendo ao tipo de innovación realizada polas empresas, o 12,2% do empresariado galego de 10 ou máis traballadores/as realizou innovacións tecnolóxicas durante o período 2014-2016, situándose en valores similares á media estatal.

GASTO EN INNOVACIÓN


O gasto en innovación tecnolóxica en Galicia incrementouse nun 9,3% no último ano e acadou os 504 millóns de euros.

Gráfico 25. Nº de empresas Hipersector TIC con actividade innovadora tecnolóxica en Galicia. Evolución 2012-2016.



Fonte: INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, ano 2016

Gráfico 26. Gasto en innovación tecnolóxica en Galicia. 2012-2016 (miles de euros)



Fonte: INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, ano 2016


GASTO EN INNOVACIÓN

O gasto en innovación a
nivel estatal

incrementouse nun **1,3%**
no último ano

No ámbito estatal o gasto en innovación incrementouse nun 1,3%, achegándose aos 14 mil millóns de euros.

Gráfico 27. Gasto en innovación tecnolóxica en España. 2012-2016 (miles de euros)



Fonte: INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, ano 2016

TIPO DE INNOVACIÓN


A innovación en **procesos**

supoñen o principal campo de acción para as innovacións tecnolóxicas das empresas galegas no período 2014 -2016

O tipo de innovación tecnolóxica máis común desenvolvido polas empresas galegas refírese á innovación de procesos, onde 714 empresas foron innovadoras tecnolóxicamente.

Tendo en conta as empresas tecnolóxicamente innovadoras no período 2014-2016 ou con innovacións tecnolóxicas en curso ou non exitosas (empresas EIN), a cifra de empresas innovadoras é de 1.110 entidades no período 2014-2016.

Gráfico 28. Empresas innovadoras tecnolóxicamente segundo tipo de innovación no período 2014-2016. Galicia




EIN= Empresas tecnolóxicamente innovadoras no período 2014-2016 ou con innovacións tecnolóxicas en curso ou non exitosas

Fonte: INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, ano 2016

No caso das empresas do Hipersector TIC galego que innovaron tecnolóxicamente, unhas 56 o fixeron en relación a produtos, 50 innovaron en procesos, e 36 fixeron innovacións en ambos. En Galicia hai un total de 98 empresas EIN (empresas tecnolóxicamente innovadoras) no Hipersector TIC.

O 76,4% das empresas EIN galegas sinalaron como obxectivo prioritario das súas actividades innovadoras a mellora dos seus produtos, seguidas do 49,4% que optaron pola optimización dos seus procesos.

Gráfico 29. Obxectivos das innovacións tecnolóxicas das empresas EIN Galicia (2014-2016). Hipersector TIC



Fonte: INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, ano 2016

OBXECTIVOS DA INNOVACIÓN

A innovación nos produtos é o obxectivo principal das empresas

EIN galegas.

Considerando os obxectivos prioritarios das empresas EIN galegas no ámbito de produtos, as maiores porcentaxes representan a aquelas que buscaron a mellora dos seus produtos, concretamente o 55,45%. En segundo lugar, a ampliación da gama de bens e servizos, é indicada polo 52,13% das empresas EIN galegas.


No relativo aos procesos, o 38,93% das empresas EIN decántanse pola ampliación da flexibilidade na produción ou na prestación de servizos.

GASTOS INTERNOS EN I+D

As empresas galegas
destinaron máis de **500**
millóns de euros a gastos
internos de **I+D no ano**
2016.

O investimento en I+D realizado no ano 2016 polas empresas galegas ascendeu a máis de 500 millóns de euros, o que supón o 3,8% do total estatal. O incremento é progresivo durante os últimos anos. O incremento respecto ao ano 2015 foi do 1,5%.

Gráfico 30. Evolución dos gastos internos totais en I+D en Galicia




Fonte: INE, Estadística de I+D, 2016.

Os gastos internos en I+D no Hipersector TIC reducíronse no ano 2016 nun 12,4%.

GASTOS INTERNOS EN I+D NO HIPERSECTOR TIC

Diminución dos **gastos
internos** destinados **I+D**
nas empresas do
Hipersector TIC.


Gráfico 31. Evolución dos gastos internos
totais en I+D en Galicia. Ano 2016



Fonte: INE, Estadística de I+D, 2016.

▬ Variación

**Gráfico 32. Contribución aos gastos internos totais en I+D por CCAA.
Ano 2016**



Fonte: INE, Estatística de I+D, 2016.

O total do territorio nacional investiu 13.259 millóns de € en I+D durante o ano 2016. A Comunidade de Madrid, cunha inversión de 3.504 millóns de €, e Cataluña con 3.103 millóns de € son os territorios que máis contribuíron aos gastos internos totais.

Galicia, con 504 millóns de euros de gasto ocupa a sétima posición no ranking estatal.

Galicia sitúase na sétima posición das comunidades que **máis contribúen** aos gastos internos totais en **I+D** do conxunto estatal.


PERSOAL EN I+D

**Galicia é a SEXTA
Comunidade
Autónoma con maior
número de
traballadores/as a
xornada completa
en I+D**

En España traballan 205.872 persoas en I+D a xornada completa; delas 9.367 o fan en Galicia.

É a sexta Comunidade Autónoma con maior número de traballadores/as en I+D a xornada completa, incrementándose respecto ao ano 2015 nun 3,6%.

Gráfico 33. Evolución do persoal en I+D en Galicia (2012-2016)



Fonte: INE, Estatística de I+D, 2016.


Variación

Galicia empregou no ano 2016 a **9.367 traballadores/as en I+D, o 4.5%** do total de traballadores/as en Galicia.

PERSOAL EN I+D NO HIPERSEKTOR TIC DE GALICIA

Durante o **2016** no
Hipersektor TIC
galego había un total
de **819**
traballadores / as
adicionados a I+D.


**Gráfico 34. Evolución do persoal en I+D no
Hipersektor TIC en Galicia (2012-2016).**



Fonte: INE, Estatística de I+D, 2016.

Variación

Durante o 2016 incrementouse nun 19,2% o número de empregados / as que traballaban en I+D no Hipersektor TIC, recuperando a perda de traballadores experimentada en 2015.



5. Patentes

INDICADORES DE I+D

As patentes son
indicadores de
innovación por
amparar as invencións
orientadas á mellora
industrial.

Patentes

A Organización Mundial da Propiedade define a patente como “... un dereito exclusivo concedido a una invención, é dicir, a un produto ou procedemento que aporta, en xeral, una nova maneira de facer algo ou unha nova solución técnica a un problema”.

Son patentables aquelas invencións novas que impliquen unha actividade inventiva e sexan susceptibles de aplicación industrial. A lexislación española, ao respecto, distingue entre patentes e modelos de utilidade.

Esta última modalidade resérvase a aquelas invencións de menor rango que, sendo novidades, consisten en dar a un obxecto unha configuración, estrutura ou constitución da de que se derive algunha utilidade ou vantaxe práctica.

As patentes constitúen un indicador recoñecido como útil para medir os resultados xerados polas actividades de investigación e desenvolvemento tecnolóxico, na medida en que protexen unha invención particular.

PATENTES


No **ano 2017** a Oficina Española de Patentes e Marcas concedeu **199 patentes e 53 modelos de utilidade.**

O período de protección no caso dos modelos de utilidade é de 10 anos, cando as patentes posúen unha efectividade de 20 anos.

As patentes de invención e os modelos industriais, xunto coas marcas, conforman a propiedade industrial.

No ano 2017 a Oficina Española de Patentes e marcas concedeu 199 patentes – 1 a patentes relacionadas co Hipersector TIC- e 53 modelos de utilidade a entidades galegas.

Gráfico 36. Patentes e Modelos de Utilidade Concedidos a entidades en Galicia. Anos 2012-2017.



NOTA: un mesmo expediente de patente pode estar incluído en diferentes CIP (Clasificación Internacional de Patentes).

Fonte: Oficina Española de Patentes e Marcas, anos 2012 - 2017

